

GUÍA DOCENTE DE **DIDÁCTICA XERAL**

## ENSINANZAS SUPERIORES DE MÚSICA

## TÍTULO SUPERIOR DE MÚSICA (ENSINANZAS REGULADAS POLO DECRETO 163/2015, DO 29 DE OUTUBRO)

**1. IDENTIFICACIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN**

DISCIPLINA: DIDÁCTICA XERAL										
ESPECIALIDADE	Pedagogía							ITINERARIO	Xeral e da linguaxe musical	
CARÁCTER	Obrigatorio							TIPO DE CLASE	Colectiva	
CURSOS	1º curso		2º curso		3º curso		4º curso		DEPARTAMENTO	
CUADRIMESTRES	I	II	III	IV	V	VI	VII	VII I	Horas de clase semanais:	
ECTS/CUAD.					6				Observacións:	
									4h.	

**2. DESCRIPTOR E COMPETENCIAS**

DESCRITOR:	Pedagogía e didáctica. Correntes didácticas. O currículo. Concepto, deseño e modelos. Niveis de concreción. Características, fontes, elementos: PEC, PCC. Deseño da programación e das unidades didácticas. Principios metodolóxicos. Aprendizaxe significativa. O/A profesor/a mediador/a. A avaliación.
COÑECIMENTOS PREVIOS:	Os correspondentes as disciplinas de Teoría da Educación, Socioloxía da Educación e Psicopedagogía.
RELACIÓN CON OUTRAS DISCIPLINAS:	Esta disciplina está relacionada coa Didáctica Xeral e da Linguaxe Musical.
COMPETENCIAS TRANSVERSAIS:	1, 2, 3, 15, 17
COMPETENCIAS XERAIS:	18, 19, 27
COMPETENCIAS ESPECÍFICAS:	1, 2, 5, 9
Ver a listaxe de competencias e a súa descrición no Decreto 163/2015, do 29 de outubro	

**3. OBXECTIVOS**

DESCRICIÓN	COMPETENCIAS RELACIONADAS
Estudar o currículo: modelos, niveis de concreción, características, fontes, elementos, competencias, etc	T1 T2 T15 X18 X27 E1
Coñecer os currículos de educación musical na educación obrigatoria e nos conservatorios.	T1 T2 T15 X18 X19 X27 E1
Aprender a técnica da programación: enunciación de obxectivos, secuenciación de contidos, selección de tarefas e actividades, repertorio de recursos e estratexias, aplicación de criterios de avaliación e elección do materiais máis adecuados dependendo do contexto.	T1 T2 T3 T15 T17 X18 X19 X27 E1 E2 E5
Elaborar unidades didácticas e programacións de aula para un curso de linguaxe musical de grao elemental e ferramentas para os distintos tipos de avaliación.	T1 T2 T3 T15 T17 X18 X19 X27 E1 E2 E5 E9

**4. CONTIDOS**

Pedagogía e didáctica
O currículo. Tipos, características, fontes. Elementos: competencias, obxectivos, contidos, metodoloxía, avaliación.
Planificación a longo, medio e curto prazo. PEC, PCC, programación de aula, unidades didácticas.
Estudo do currículo de primaria, secundaria, bacharelato no súa relación coa música.
Estudo do currículo dos graos elemental e profesional do conservatorio.
Realización de unha programación e as correspondentes unidades didácticas para un curso de Linguaxe Musical.

**5. METODOLOXÍA , ACTIVIDADES E TEMPORALIZACIÓN**

ACTIVIDADE E DESCRICIÓN	CUALIDADE	TEMPORALIZACIÓN
Exposición maxistral	Presencial	Permanente
Clases prácticas e debates. Participación nas actividades propostas	Presencial	Permanente
Traballo persoal. Lectura de fontes, elaboración de materiais, programación, unidades didácticas,...	Non presencial	Permanente
Traballo cooperativo	Presencial	Durante o cuadrimestre
Titorías: individuais e de grupo	Presencial	Durante o cuadrimestre
<u>Actividades de avaliación</u>	Presencial	O final do cuadrimestre

**6. AVALIACIÓN**

Haberá dous tipos de avaliación: a ordinaria e a extraordinaria. A ordinaria terá en conta a asistencia dos alumnos ademais dos exames, traballos, exposicións e participación nas actividades complementarias que se consideren adecuadas. Se o alumno perdera a avaliación continua por faltas de asistencia ( serán determinadas pola CCP de cada centro), realizará a avaliación alternativa na que substituirase o porcentaxe da asistencia por un exame ou traballo complementario. A avaliación ordinaria terá lugar no mes de xaneiro.

A avaliación extraordinaria se contempla para os alumnos que non aprobaran a avaliación ordinaria e se realizará no mes de xullo.

O alumno terá un total de catro convocatorias para superar a disciplina. Tanto na avaliación ordinaria como na extraordinaria será imprescindible sacar unha nota mínima de 5 en cada un dos apartados.